



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 31 DE MAIO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 02/04/2018. A secretaria sinala que hai que rectificar a liquidación practicada no acordo adoptado no punto 9 da licenza de edificación proxecto explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas no lugar de Vilar (Sendelle) donde consta 20.692,86 €uros debe substituírse por 20.712,86 €uros. Os Sres./Sras. Concelleiros/as acordan aprobar por unanimidade a acta coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO SOBRE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO SANCIONADOR POR ELIMINACIÓN INCONTROLADA DE RESIDUOS NA FINCA CHOUSA DA MOTA.

Pola secretaria dáse conta da resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ditada con data do 2 de marzo de 2018, rexistro de entrada no concello co número 856 en data 27/04/2018, na que se resolve sancionar ao Concello de Boimorto cunha multa de 901 euros pola comisión dunha infracción grave tipificada no artigo 46.3.c) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO APERCIBIMENTO DE IMPOSICIÓN DE MULTA COERCITIVA SE NON SE PROCEDE Á RETIRADA DE RESIDUOS NA FINCA CHOUSA DA MOTA.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, rexistro de entrada no concello co número 849 en data 26/04/2018, no que comunica que resolto e firme o expediente administrativo sancionador contra esta entidade por eliminación incontrolada de residuos no lugar de A Mota (parcela 468 do polígono 502), concédeselle a este concello un prazo de un (1) mes, para proceder a restitución das cousas e á súa reposición ao estado anterior da infracción, circunstancia que terá que acreditarse perante a xefatura territorial. Transcorrido o devandito prazo sen terse cumprido o disposto no apercibimento procederase á imposición dunha multa coercitiva pola cantidade de trescentos euros (300 €) multa que será reiterada cada mes en tanto non se proceda á reposición das cousas ao estado anterior á comisión da infracción e á restitución da legalidade.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.3.- PROPOSTA - RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) RELATIVA Á PETICIÓN PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDAD, E INICIO DO PROCEDIMENTO DE CESIÓN, DUN BEN INMOBLE, MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA E A TÍTULO GRATUÍTO AO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta da resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, ditada con data do 27 de abril de 2018, rexistro de entrada no concello co número 971 en data 11/05/2018, na que se resolve acceder á petición para a transmisión en propiedade, mediante adxudicación e a título gratuítu, do ben inmoible da parcela 362 da zona de concentración parcelaria de Arceo (campo de fútbol).

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.4.- ACORDO DA PRESIDENTA DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) POLO QUE SE INICIA O PROCEDIMENTO PARA A TRANSMISIÓN EN PROPIEDAD DUN BEN INMOBLE MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA E A TÍTULO GRATUÍTO AO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta do acordo da presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) de data 30 de abril de 2018, rexistro de entrada no concello co número 972 en data 11/05/2018, no que se acorda iniciar o procedemento para a transmisión en propiedade, a título gratuítu, do ben inmoible parcela 362 da zona de concentración parcelaria de Arceo.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.5.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, rexistro de entrada no concello co número 962 en data 10/05/2018, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 1º trimestre de 2018:

Xaneiro: 10.021,80 €

Febreiro: 9.803,94 €

Marzo: 9.471,13 €

Total nómina neta 1º trimestre: 29.296,87 €

Total devengado: 29.296,87 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.6.- RESOLUCIÓN DE AGADER SOBRE A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática de Agader, rexistro de entrada no concello co número 927 en data 07/05/2018, na que resolve concederlle ao concello de Boimorto unha axuda por importe de 58.775,17 €, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 para a execución do proxecto “Plan de mellora de camiños municipais no Concello de Boimorto”, coa seguinte distribución por anualidades:

2018	2019
29.387,59 €	29.387,58 €

O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

Partida	Orz. Present. (S/IVE)	Orz. Present. (C/ IVE)	Orzamento aceptado	Observacións
Obra Civil	58.215,54 €	70.440,80 €	58.215,53 €	O aceptado se corresponde co importe indicado no ICE
Control de Calidade das Obras	559,64 €	677,16 €	559,64 €	
TOTAIS	58.775,18 €	71.117,96 €	58.775,17 €	

O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2018 será o 17 de setembro de 2018

O prazo final de xustificación será o 3 de xuño de 2019

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- INFORMES TÉCNICOS EMITIDOS DENDE O SERVIZO DE SUPERVISIÓN DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS EN RELACIÓN CO PROXECTO DE NOVA SALA DE CONVIVENCIA NA MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO: AMPLIACIÓN DE CAPACIDADE NO CENTRO DE DÍA.

Pola secretaria dáse conta dos informes enviados da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, rexistro de entrada no concello co número 926 en data 07/05/2018, e que foron emitidos na tramitación do procedemento para as autorizacións de modificación substancial dos centros Miniresidencia para persoas maiores de Boimorto e Centro de día para persoas maiores de Boimorto, situados en rúa Gándara nº 73, sendo estes favorables.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.8.- ESCRITO DO SERVIZO DE EMERXENCIAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA COMUNICANDO A OBRIGACIÓN POR PARTE DOS CONCELLOS DA ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE EMERXENCIAS POR INCENDIOS FORESTAIS.

Pola secretaria dáse conta do escrito do xefe de servizo de emerxencias, rexistro de entrada no concello co número 1018 en data 21/05/2018, no que informa que por parte do concello ten a obriga, os efectos da adopción das correspondentes medidas de prevención de riscos e intervención en caso de emerxencia, de elaborar o plan de actuación municipal ante emerxencias por



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

INCENDIOS FORESTAIS, lembrando que segundo o artigo 34 da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, os plans de protección civil deben ser renovados cada catro anos.

Con carácter previo á aprobación por parte do Concello, estes plans deben ser remitidos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para proceder a súa homologación pola Comisión Galega de Protección Civil, conforme o establecido no Decreto 109/2004, de 27 de maio, de modificación do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.9.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, DESESTIMANDO O RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DE AGUAS DE GALICIA DO 15 DE FEBREIRO DE 2017, RECAIDA NO PROCEDIMENTO SANCIONADOR DH.D15.52936

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, rexistro de entrada no concello co número 1023 en data 21/05/2018, na que se resolve desestimar o recurso de alzada interposto pola alcaldesa-presidenta deste concello contra a resolución do director de Augas de Galicia do 15 de febreiro de 2017, recaída no procedemento sancionador, DH.D15.52936, pola que se acorda sancionar ao concello cunha multa de 2.500 euros pola realización dun vertido non autorizado de augas residuais a unha parcela colindante procedente das instalacións da E.D.A.R. municipal situadas no lugar de Casal de Munín.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.10.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida do Servizo de Emprego e Economía Social, Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Economía e Industria, rexistro de entrada no concello co número 1056 en data 25/05/2018, na que se resolve a concesión de subvención expediente TR351A2018-000016-1 por importe de 3.000,00 €uros, equivalente aos custos salariais totais de contratación de persoal para o servizo de socorrismo a tempo completo por un período de dous meses, nos seguintes termos:

Ocupación profesional	Contratacións subvencionadas	Grupo cotización	Custo subvencionado contrato	mensual por	Importe subvención	total
Socorrista	1	8	1.500,00		3.000,00	

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.11.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA SUBVENCIÓN DE NATUREZA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada no concello co número 953 en data 08/05/2018, no que se notifica a concesión de subvención por importe de 6.823,53 para Melora no sistema de abastecemento público nos lugares de Gandarón e de Nogaredo (DOG núm. 9, do 12 de xaneiro).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.12.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada telemáticamente da xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada no concello co número 1083 en data 29/05/2018, na que se resolve conceder unha subvención ao concello de Boimorto por importe de 22.253,40 €uros, para as contratacións de persoal que se indican baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo a tempo completo por un período de nove (9) meses, para o servizo obxecto da solicitude: protección e mantemento medioambiental.

CONTRATACIÓNS SUBVENZIONADAS	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	CUSTO MENSUAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
1º Contratación	OFICIAL 2º	8	1.236,30	11.126,70
1º Contratación	OFICIAL 2º	8	1.236,30	11.126,70
TOTAL SUBVENCIÓN				22.253,40

A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 1 de xullo de 2018 e a data límite para remitir a xefatura territorial a documentación xustificativa para o pagamento é dun mes a partir da formalización da/s contratación/s.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.13.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DURANTE O EXERCICIO 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 995 en data 15/05/2018, na que se notifica a resolución de aprobación da conta xustificativa e aboamento da subvención concedida para a contratación de socorrista para piscina municipal, correspondente ao exercicio 2017 por importe de 4.467,07 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.14.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 929 en data 07/05/2018, pola que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 24/02/2017, correspondente ao exercicio 2017.

O importe que se vai aboar é de 15.786,34 € (o resto do 50% da subvención concedida).



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.15.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE A PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 996 en data 15/05/2018, na que se aproba o pagamento do 50,00% da subvención correspondente ao programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2018 (BOP 81, do 30/04/2018).

Importe que se ha xustificar: 57.232,00€

Importe do anticipo que se vai a aboar: 28.616,00€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.16.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 6 DERRADEIRA DA OBRA AMPLIACIÓN DE MINIRESIDENCIA EN BOIMORTO INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 850 en data 26/04/2018, na que se aproba a certificación número 6 derradeira da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e que se lle pague ao Concello de Boimorto a cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación o importe de 25.228,58 € o 100% do total da certificación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.17.- CIRCULAR DA ASESORÍA XURÍDICA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA IMPLEMENTACIÓN SUBTEL EN PROCEDIMENTOS

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da asesoría xurídica da Deputación Provincial a través do sistema de interconexión de rexistros (SIR), rexistro de entrada no concello co número 201890000000136 en data 30/04/2018, no que informa que a partir do próximo 1 de maio de 2018, a plataforma SUBTEL incorpora no Servizo de Asesoría Xurídica da Deputación dos procedementos para que os concellos poidan solicitar asistencia xurídica de conformidade co Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica ós Entes Locais, publicado no BOP nº 245 de 25 de outubro de 1988:

1. Solicitude informe xurídico
2. Solicitude de representación e defensa en xuízo.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.18.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO DO CONCELLO DE BOIMORTO INCLUÍDO NLO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 1020 en data 21/05/2018, pola que se resolve considerar cumprida a condición á que foi sometido e aprobar definitivamente o seguinte investimento do Concello de Boimorto incluído no POS+ 2017, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Concello	Denominación investimento	Deputación	Total	Condición cumprida
BOIMORTO	Mellora pluviais nas parroquias de Brates, Sendelle e outros	43.626,43	43.626,43	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.19.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 1021 en data 21/05/2018, sobre a aprobación da 2ª e derradeira fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) adicional 1/2017, e que este concello solicitou para o investimento denominado “Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro e Arceo” por importe de 53.556,87 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.20.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2018

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 1055 en data 25/05/2018, na que comunica que o Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria realizada o 16 de maio de 2018, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2018 sinalando que nalgúns casos a aprobación dalgunhas obras ou subministracións incluídas no referido plan está condicionada ao cumprimento das condicións que se indican no ANEXO á circular, como é o caso deste concello, non poderá iniciar o correspondente expediente para a súa adxudicación. Cando estea cumprida a condición, o concello deberá presentar na Deputación a documentación xustificativa do seu cumprimento coa finalidade de que a Deputación poida declarar cumprida a condición e en consecuencia, definitivamente aprobada a obra ou subministración no POS+ 2018.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.21.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A ELABORACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PLAN ÚNICO DE CONCELLOS. POS+ ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo servizo de xestión de plans da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 1090 en data 29/05/2018, sobre elaboración do POS+ Adicional 1/2018 por maior achega desta deputación, correspondéndolle a este concello a cantidade de 97.211,65 €uros.

Partindo da cantidade asignada a este concello e dos investimentos supletorios incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2018, este concello podería encontrarse nunha das seguintes catro situacións:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Situación A: concellos con débedas con provedores pendentes de pago superiores á cantidade asignada.

Situación B: concellos que desexan confirmar todos ou algún dos seus investimentos do plan complementario ao POS+2018 sen incluír novos investimentos.

Situación C: concellos que desexan solicitar únicamente novos investimentos financeiramente sostibles no plan adicional ao POS+2018

Situación D: concellos que desexan confirmar todos ou algún dos seus investimentos do plan complementario ao POS+2018 e incluír novos investimentos financeiramente sostibles.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA Pernoctar no Polideportivo o Próximo 4 de Xullo aos Alumnos do Colexio Jesuitas Indautxu de Bilbao

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por Dña. Maite García Calvo, profesora do colexio Jesuitas Indautxu de Bilbao e coordinadora da Comunidade Arrupe, con rexistro de entrada neste Concello co número 1004 en data 16/05/2018, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 60 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 4 de xullo de 2018.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria "pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia", a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a Dña. Maite García Calvo, profesora do colexio Jesuitas Indautxu de Bilbao e coordinadora da Comunidade Arrupe, para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 60 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela lo día 4 de xullo de 2018.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de CENTO OITENTA EUROS (180,00 €), que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O DIA 8 DE XUÑO DE 2018 Á ASOCIACIÓN AMARAI

Vista a instancia con data 14/05/2018 con rexistro de entrada no Concello co número 982, subscrita por D. Fabián Pereira Carril con DNI núm. 45849957D actuando como director da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), na que solicita autorización para uso do polideportivo municipal para exhibición de zumba o día 8 de xuño de 2017, en horario de 10:00 a 14:00 horas e tamén solicita a exención do pagamento da taxa pola súa utilización.

Visto o artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) o uso do polideportivo municipal o día 8 de xuño de 2018, en horario de 10:00 a 14:00 horas para realización exhibición de zumba,



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

condicionando a autorización a:

1º.- Os autorizados, ao rematar os actos, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio do mesmo.

2º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día de celebración da exhibición de zumba.

SEGUNDO.- Recoñecer á asociación AMARAI a exención do pagamento da taxa pola utilización do polideportivo municipal en base ao disposto no artigo 5º f) da mencionada Ordenanza fiscal, ao tratarse de actividades promovidas por unha entidade sen fins de lucro de ámbito municipal.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ao técnico de deportes para que se encargue de abrir e pechar o polideportivo municipal e o teña en conta na programación de actividades.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

5.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1078 con data 28/05/2018, presentada por Dna. María Carmen Ponte Carneiro con DNI 76498280G, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Nogaredo nº 18 1º, parroquia de Brates, Boimorto, código postal 15817, na que solicita a baixa no servizo de recollida de lixo o local destinado ao negocio de taberna que rexentaba, sito no inmovible situado no lugar de Nogaredo nº 12 baixo, Brates (Boimorto), deste termo municipal.

Considerando que o inmovible tributa pola planta baixa adicada a negocio e a planta alta a vivenda. Constando documentación acreditativa, copia da Declaración censal presentada por Dna. María Carmen Ponte Carneiro con DNI 76498280G, de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores, con rexistro de entrada na Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Ministerio de Economía e Facenda de Santiago de Compostela en data 21/04/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de recollida de lixo que figura a nome de María Carmen Ponte Carneiro correspondente ao inmovible sito no lugar de Nogaredo nº 12, Brates (Boimorto) na elaboración do padrón fiscal correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2018, con respecto á pranta baixa adicada a negocio.

SEGUNDO.- Comunicar á interesada que no caso de nova apertura do establecemento deberá contar coa oportuna licenza de actividade.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES COLOCACIÓN DE TUBOS CON FORMIGÓN PARA ACCEDER Á FINCA NA PARROQUIA DE ANDABAO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 7 de maio de 2018 (RE núm. 928) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Dna. María Ermitas Blanco Lavandeira
DNI:	33216314J



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Domicilio:	Lg. Vista Alegre n8 – Boimil -15817 Boimorto
------------	--

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación de tubaxe de diámetro 0,30 sobre gabia aberta en entrada da finca, con posterior capa de formigón para su cerramento incluído levantamento de dous postes laterais tamén de formigón
Situación	Lg. Arentía – Andabao
Referencia catastral:	15010A504202370000JX
Orzamento de execución:	624,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria e solo tico de protección de infraestruturas, xa que linda coa estrada DP-1003 da Deputación Provincial
Autorizacións sectoriais:	Resolución da Deputación Provincial de data 18 de abril de 2018 (expediente 2017000017476)
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 11 de maio de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 18/04/2018 do servizo de obras e vías da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 624,00 Euros

Liquidación 2%: 12,48 Euros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Ermitas Blanco Lavandeira indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES DE REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE AREAS (ANDABAO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 13 de abril de 2018 (RE núm. 747) coas seguintes características:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Dna. María Irene Ponte Cabanas
DNI:	32417954Y
Domicilio:	C/ Emilio González López nº 62 15030 A Coruña

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación de cemento no chan da vivenda (planta baixa, cunha superficie de 48 m2) e o arranxo de dúas ventás e portas en planta baixa
Situación	Lg. Areas nº 11 - Andabao
Referencia catastral:	000101700NH76C0001JZ
Orzamento de execución:	2.600,00 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo orixinario disperso
Autorizacións sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 11 de maio de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.600,00 €uros

Liquidación 2%: 52,00 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Irene Ponte Cabanas indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

8.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE DE PERRUQUERÍA SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 50 BAIXO DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. SILVIA MOURAZOS GARCÍA

Examinada a documentación de inicio de actividade (CP-001) presentada por Dna. Silvia



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Mourazos García, DNI 78806498B e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Pastoriza Vella nº 7, Lema, 15819 Arzúa (A Coruña), solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 93 en data 17/01/2018 para o exercicio da actividade de perruquería en parcela con referencia catastral 0615729NH7601S0000JG da rúa Gándara 50 baixo do núcleo urbano de Boimorto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente se incorporou o informe preceptivo de comprobación asinado en data 11/05/2018 polos servizos técnicos municipais de D. Manuel Carro López conforme ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de perruquería en parcela con referencia catastral 0615729NH7601S0000JG da rúa Gándara 50 baixo do núcleo urbano de Boimorto a Dna. Silvia Mourazos García ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras recollidas na documentación aportada.

SEGUNDO.- O titular do título habilitante da autorización está obrigado a informar ao Concello de Boimorto calquer cambio relativo ás condicións da licenza e ás características ou funcionamento da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 6º da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos:

Base imponible a razón de superficie do establecemento en m2 de local: 58,26

Tipo de solo: urbano

Tarifa: 1,50 €uros/m2.

Importe: 87,39 €uros

CUARTO.- O presente acordo quedca condicionado ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Silvia Mourazos García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

9.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos Sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 29/05/2018

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARÍA TERESA SESAR COSTOYA (R.E. 933 data 08/05/2018) - **FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA**

a) Consta informe médico que acredita necesidade.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- MARÍA TERESA MONTERO SÁNCHEZ (R.E. 1057 data 25/05/2018) - FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- ÁNGEL LÓPEZ GARCÍA (R.E. 1059 data 28/05/2018) - FISIOTERAPIA -

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a María Teresa Sesar Costoya, María Teresa Montero Sánchez e Ángel López García.

SEGUNDO.- Notificar os/ás beneficiarios/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño de 2018. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

10.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE MAIO 2018

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de 29/05/2018 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 25/04/2018 e o 29/05/2018 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que causou baixa no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia Dona Elena Liñeira Senín o día 07/05/2018 por pasar o seu home a recibir o servizo por dependencia

2º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de maio:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRECIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialiación de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansele López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

